

TRES “NOVOS” PERGAMIÑOS DE AFONSO VII REFERIDOS A GALIZA¹

MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ²

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia)
Universidade de Santiago de Compostela
miguel.garcia-fernandez@iegps.csic.es

RICARDO PICHEL³

Universidad de Alcalá
Instituto da Lingua Galega (ILGA)
Universidade de Santiago de Compostela
ricardo.pichel@uah.es

1 Este traballo foi realizado no marco dos proxectos de investigación: “HERES: patrimonio textual panibérico. Recuperación y memoria” (CM/2018-T1/HUM-10230 e CM/2022-5A/HUM-24226), dirixido por Ricardo Pichel (Universidad de Alcalá), *La reginalidad ibérica desde/bacia la Europa atlántica: economías territoriales, escenarios curiales y geografías relacionales* (ss. XII-XV) (PID2022-141727NB-C22), dirixido por Diana Pelaz Flores (Universidade de Santiago de Compostela), e *Patrimonio textual na Galicia medieval. Prosa documental e literaria* (2021-CP037), cuxo investigador principal é Eduardo Miguel Moscoso Mato (Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela).

2 Correo-e: miguelgarciafernandez88@gmail.com; <https://orcid.org/0000-0002-6257-4654>.

3 Correo-e: ricardo.pichel@uah.es; <https://orcid.org/0000-0001-9933-0293>.

TRES “NUEVOS” PERGAMINOS DE ALFONSO VII REFERIDOS A GALICIA

RESUMEN: El estudio del reino medieval de Galicia, así como de la comunicación política y de las relaciones que se establecieron entre este y sus reyes, necesita apoyarse en fuentes documentales, cuya recuperación y edición obliga a visitar diferentes fondos archivísticos. Con el objetivo de contribuir al conocimiento de la relación entre el rey y su reino durante el reinado de Alfonso VII, este trabajo ofrece la edición de tres pergaminos de este monarca conservados en cuatro archivos diferentes: Museo do Pobo Galego, Arquivo de San Paio de Antealtares, Arquivo Histórico Universitario de Santiago y Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Se quiere contribuir de esta manera a ampliar la colección documental de este monarca referente a las instituciones y gentes de la Galicia medieval.

PALABRAS CLAVE: *Pergaminos. Alfonso VII. Eiré. Ramirás. Porqueira. Reino de Galicia. Siglo XII.*

TRES “NOVOS” PERGAMIÑOS DE AFONSO VII REFERIDOS A GALIZA

RESUMO: O estudo do reino medieval de Galiza, así como da comunicación política e as relacións que se estableceron entre este e os seus reis e raíñas, precisa sustentarse sobre fontes documentais, cuxa recuperación e edición obriga a visitar diferentes fondos arquivísticos. Co obxectivo de contribuír ao coñecemento da relación entre El-Rei e o seu reino durante o reinado de Afonso VII, este traballo ofrece a edición de tres pergamíños deste monarca conservados en catro arquivos diferentes: Museo do Pobo Galego, Arquivo de San Paio de Antealtares, Arquivo Histórico Universitario de Santiago e Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Quere contribuírse así a ampliar a colección documental deste monarca referida ás institucións e xentes da Galiza medieval.

PALABRAS CLAVE: *Pergamiños. Afonso VII. Eiré. Ramirás. Porqueira. Reino de Galiza. Século XII.*

THREE “NEW” DOCUMENTS OF ALFONSO VII REFERRING TO GALICIA

ABSTRACT: The study of the medieval kingdom of Galicia, as well as political communication and the relationships established between this kingdom and its kings and queens, needs to be supported by documentary sources, the recovery and editing of which requires visiting different archival funds. Intending to contribute to the knowledge of the relationship between the King and his kingdom during the reign of Alfonso VII, this work offers the edition of three documents of this monarch preserved in four different archives: Museo do Pobo Galego, Arquivo de San Paio de Antealtares, Arquivo Histórico Universitario de Santiago and Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. It intends to contribute to expanding the documentary collection of this monarch referring to the institutions and people of medieval Galicia.

KEYWORDS: *Parchment. Alfonso VII. Eiré. Ramirás. Porqueira. Kingdom of Galicia. 12th Century.*

A historia medieval de Galiza, á que tantas contribucións se lle teñen feito nas últimas décadas, aínda presenta moitas cuestións por coñecer, ampliar, clarificar ou revisar. Esta afirmación, que pode resultar até certo punto paradoxal, non o é tanto se temos en conta un feito incuestionable: a gran cantidade de fontes documentais que, a pesar das perdas absolutas, dos deterioros e dos numerosos procesos de dispersión experimentados, chegaron até os nosos días, depositadas tanto en mans privadas como en institucións públicas. Neste sentido, os arquivos —sexan da natureza e titularidade que sexan— constitúen valiosos depósitos da historia individual e colectiva das mulleres e homes que nos precederon en tempos máis ou menos pretéritos.

A pesar dos notabilísimos avances realizados no que respecta á edición das fontes documentais da Galiza medieval⁴, favorecida en numerosas ocasións pola alianza entre os investigadores e os responsables dos diferentes arquivos nos que se custodian, aínda existen moitas delas sobre as que botar luz ou que precisan un intenso proceso de revisión, de cara á súa análise non só histórica e paleográfica, senón tamén filolóxica. Este é o labor ao que pretende contribuír o EGPA, é dicir, o *Escritorio Galego-Portugués Antigo*, apostando por unha multiedición en acceso aberto no mundo dixital, mais sen esquecer, en ningún momento, a grande utilidade que segue a ter a edición en papel de cara á transferencia social e intelectual do coñecemento.

No marco da recente revitalización dos estudos (e traballos de divulgación) sobre o reino medieval de Galiza e, tamén, sobre os aspectos relacionados cos modos, tempos, axentes e contidos da comunicación política que se estableceu entre o reino e os seus reis e raíñas, non hai moito tempo que chamamos a atención sobre a necesidade de recuperar iniciativas previas orientadas á edición das coleccións documentais dos diferentes monarcas do reino de Galiza referidas precisamente a este territorio (García-Fernández, Pelaz Flores e Pichel 2020). Así, xunto aos traballos clásicos de catalogación, como o de Manuel-Rubén García Álvarez (1963-1967), por citar un dos exemplos máis expresivos, e, posteriormente de edición, como os dirixidos por Manuel Recuero Astray desde a Universidade da Coruña sobre

⁴ Véxanse algunhas consideracións ao respecto en PÉREZ RODRÍGUEZ 2010: 64-67 ou BOULLÓN 2017.

as “chancelarías galegas” de Urraca I, Afonso VII e Fernando II, agora trátase de completar ese labor, tamén co obxectivo de impulsar unha análise máis completa sobre as relacións entre a monarquía e o reino de Galiza. Este é un dos obxectivos fundamentais do proxecto CORREGAM. *Corpus Rexio e Rexinal da Galicia Medieval*, que, no marco do devandito EGPA, coordinamos os aquí asinantes xunto á Dra. Diana Pelaz Flores, unha das principais especialistas no estudo da rexinalidade ibérica⁵.

Cara a este mesmo horizonte pretendemos avanzar con este traballo, resultado das pesquisas que tivemos a ocasión de realizar en diversos arquivos galegos e de fóra de Galiza, contando en boa medida coa dilixencia e boa disposición dos seus arquiveiros e responsables. Trátase, pois, de poñer en valor o moito que aínda está pendente por editar e mesmo reeditar, incluso cando xa existen traballos previos que agora cómpre completar, ademais de insistir na importancia de revisitar o noso pasado mediante a consulta directa das fontes e, consecuentemente, destacando a importancia das visitas arquivísticas. Nesta ocasión, facémolo prestándolle atención a tres pergamiños de Afonso VII que, en realidade, están depositados en catro arquivos diferentes, xa que un deles chegou a nós fragmentado en dúas partes: o Arquivo de San Paio de Antealtares (ASP), o Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), o Museo do Pobo Galego (MPG) e o Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (ARCHVa). Tratándose da documentación de Afonso VII referida a Galiza, estamos, pois, ante un traballo que procurará contribuír a completar a obra de Manuel Recuero Astray, Marta González Vázquez e Paz Romero Portilla, *Documentos medievales del reino de Galicia. I. Alfonso VII (1116-1157)* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998). Nela foron publicados 184 documentos, mais, respecto dos que aquí nos ocupan, só foi recollido nesta obra un dos fragmentos do pergamiño que se conservou roto e en dous arquivos diferentes (Recuero Astray, González Vázquez e Romero Portilla 1998: 127, n.º 122). Trátase do custodiado no Fondo Blanco Cicerón do Arquivo Histórico Universitario de Santiago (n.º 5). Mentres tanto, permanecía inédito o conservado no Fondo de Pergamiños Medievais —concretamente entre os correspondentes ao mosteiro de San Pedro de Ramirás (Ourense)— do Arquivo de San Paio de Antealtares. Neste último caso, o fragmento só fora rexestado por Manuel Lucas Álvarez e Pedro Pablo Lucas Domínguez en *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática* (Burgos,

5 GARCÍA-FERNÁNDEZ, PELAZ FLORES e PICHEL (coords.) (2022-): *Corpus rexio e rexinal da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Véxase a web provisional en <<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORREGAM>>. Última consulta: 28/8/2023.

Caixa Galicia, 1988)⁶. Á espera de que saian adiante outros proxectos de edición documental da chancelaría de Afonso VII —aínda que non referidos especificamente a Galiza—, caso do anunciado polo Dr. Miguel Calleja Puerta⁷, este contributo desde o CORREGAM pretende avanzar nun camiño que, como acabamos de referir, aspira a recuperar o conxunto da documentación producida pola monarquía na súa relación coas xentes e institucións do reino medieval de Galiza.

No caso do documento 1, estamos ante un pergamiño conservado no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) que contén a carta de couto outorgada por Afonso VII en 1129 ao mosteiro feminino de San Miguel de Eiré, encabezado, segundo consta no documento, pola abadesa Visclavara Ordóñez. Trátase dun mosteiro sito no actual concello de Pantón, en Lugo, cuxas primeiras referencias falan da súa existencia no século X. Porén, a súa realidade documental caracterízase pola súa exigüidade, como xa sinalou moi acertadamente no seu momento Teresa Claudina Moure Pena (2015: 71-72 e ss.⁸). Esta investigadora tamén fai referencia a esta carta de acoutamento de 1129, mais faino a través dunha transmisión indirecta, descoñecendo o pergamiño do Museo do Pobo Galego. En relación aos problemas de autenticidade ou falsificación de documentos rexios medievais relativos aos mosteiros galegos, sobre os que ten advertido Francisco Javier Pérez Rodríguez (2016: 222; 2019) e cuxa realidade deberá ser abordada con maior detemento desde a crítica documental —mais sendo sempre conscientes da importancia que chegaron a ter os falsos á hora de crear ou consolidar finalmente realidades históricas orixinariamente inexistentes—, o devandito investigador sinalou ao respecto da carta de couto de San Miguel de Eiré, á altura do 2019 (II: 1099-1100, nota 1903) e descoñecendo igualmente o documento aquí editado, que

“no se conserva el original, pero sí copias modernas. Según José Manuel González Sánchez, Alfonso VII dona Eiré a la orden de Cister, lo que es imposible en 1129; habla este autor de su fundación en 1129 cuando, en realidad, lo que se concede —supuestamente— es solamente la carta de coto (José Manuel González Sánchez, “Los encomenderos del monasterio

6 Cómpre sinalar que, neste caso, trátase dun rexesto atinado, que vén acompañado da advertencia de estarmos ante un “Orig. mutilado, del que solo se conserva una parte de la mitad derecha”, indicación que non se incluía na edición da parte esquerda en RECUERO ASTRAY, GONZÁLEZ VÁZQUEZ e ROMERO PORTILLA 1998: 127, n.º 122.

7 Sobre o anuncio deste proxecto, véxase a web <<https://imperatorhispaniae.wordpress.com/>>. Última consulta: 28/8/2023.

8 Neste traballo editanse como apéndice 5 documentos rexios (1400-1419) e un foro da abadesa dona Catalina Afonso de 1405, a partir de legaxos conservados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (MOURE PENA 2015: 532-544).

de San Miguel de Eiré”, en *Galicia en la Edad Media. Actas del Coloquio de Santiago de Compostela, La Coruña, Pontevedra, Vigo, Betanzos, 13-17 Julio 1987*, Madrid, Sociedad Española de Estudios Medievales, 1990, págs. 265-275). La mención a Císter, la ausencia de original o copia alguna a no ser moderna, la inexistencia de noticias sobre su confirmación por algún monarca posterior y la sempiterna sospecha de toda acotación e incluso simple donación “imperial”, a tenor de lo que puede verse en esta obra, me inclinan a pensar de que estamos ante un falso más que añadir a la larga lista de los que fueron atribuidos a don Alfonso”.

Agardamos que a edición deste pergamiño contribúa, pois, a avanzar na crítica documental sobre esta carta de couto que resulta fundamental para coñecer a historia dun mosteiro que, como xa indicamos, non conta cunha abundante colección documental medieval. En todo caso, é algo mellor coñecido o fin desta comunidade como mosteiro bieito feminino no marco da reforma monástica que promoveron e auspiciaron os Reis Católicos durante o seu reinado e que desembocou na incorporación inicial desta institución —reconvertida en priorado— a San Paio de Antealtares, mosteiro que foi refundado como casa feminina en 1499. Tras varias resistencias, que levaron por exemplo a que a última abadesa de Eiré, dona Inés Fernández, fora unha das abadesas que fuxiron unha noite de Antealtares para volver aos seus mosteiros, un acordo con don Diego de Muros (III), quen foi deán de Santiago, bispo de Mondoñedo e administrador do Hospital Real de Compostela, rematou por significar un fin diferente para o patrimonio de Eiré, xa que, tras varias disputas, rematou por ser integrado en 1519 entre os bens do Hospital Real, algo que non aconteceu cos patrimonios (e arquivos) dos restantes mosteiros bieitos femininos, que se integraron en San Paio de Antealtares⁹.

Respecto do documento 2, estamos ante un pergamiño conservado no Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (Pergaminos, carp. 205, n.º 5), cuxa consulta nos foi facilitada polos facultativos do arquivo mentres seguíamos a pista dos numerosos pergamiños galegos que se custodian no seo da colección facticia de Pergamiños da citada institución. Estamos ante un pergamiño que foi localizado e editado por Prudencio Leza Tello e Pilar Pérez Formoso (2013: 194-195, n.º 5), aínda que cómpre ofrecer algunhas revisións na súa edición e datación¹⁰. O seu contido fai referencia á conce-

9 Véxanse con máis detemento as sínteses históricas sobre o mosteiro de MOURE PENA (2015: 71-79, que continúa co seu estudo artístico: 80-109) e PÉREZ RODRÍGUEZ (2019: II, 1099-1102).

10 A partir deste traballo, centrado na historia de Santa María de Porqueira, o documento foi citado na síntese histórica realizada sobre esta mesma institución por PÉREZ RODRÍGUEZ (2019: II, 963-969), onde se mantén a data de 1140 que, cunha lectura directa do documento no arquivo —pois, polo momento, non hai imaxes dispoñibles del

sión, por parte de Afonso VII, da vila e couto de Castelaus (na freguesía de Parada de Outeiro, concello Vilar de Santos) a favor de Ordoño, prior de San Vítor, e dos seus cóengos. Realmente non é o único pergamiño de Afonso VII referido a Galiza que se conserva nesta colección. É o caso, por exemplo, de dous pergamiños outorgados por este monarca a favor do mosteiro de Santa María de Oia, editados por Mauricio Herrero Jiménez (2004: 47-50, docs. 10-11). Un deles, a doazón do mosteiro de San Mamede de Lourenzo ao de Oia, acoutando os seus termos —outorgado por Afonso VII, xunto á súa muller a raíña dona Berenguela, o 17 de abril de 1139— resulta de grande interese ao existir diferenzas entre a versión contida no pergamiño do arquivo da Real Chancillería de Valladolid (ARCHVa, Pergaminos, carp. 92, n.º 2) e outro realizado co mesmo negocio xurídico mais conservado no Archivo Histórico Nacional (AHN Clero Regular-Secular, carp. 1794, n.º 4; ed. Recuero Astray *et al.*, 1998: 82-83, doc. 82). Á espera de novas descubertas entre a documentación que viaxou desde Galiza á Real Chancillería de Valladolid, cómpre exemplificar con este documento as posibilidades que aínda existen para ampliar nese fondo a colección documental galega de Afonso VII, doutros monarcas e doutras institucións do vello reino. Iso si, sempre coas necesarias precaucións ante o posible envío de documentos interpolados ou falsos, no marco, precisamente, dos procesos xudiciais que se desenvolveron ante a xustiza rexia, especialmente ao longo dos Séculos Modernos, mais que moitas veces implicaron poñer en circulación numerosos documentos medievais como o aquí editado.

Finalmente, o documento 3 pon de manifesto a necesidade de prestar atención a diferentes arquivos co obxectivo de recuperar a totalidade do noso patrimonio documental e a importancia de poñer en relación uns documentos con outros, pois, se ben os dous fragmentos nos que se conservou este pergamiño foron referidos por diferentes investigadores nos seus traballos correspondentes, até o momento non se procedera á súa análise conxunta, que é a que permitiu comprobar que estamos ante dúas partes dun mesmo instrumento documental, pertencente orixinariamente ao arquivo medieval do mosteiro bieito feminino de San Pedro de Ramirás (Ourense), no que moi posiblemente se integraría, procedente de mans privadas, xa durante a Plena Idade Media¹¹. En todo caso, a conservación actual das dúas

en PARES. *Portal de Archivos Españoles*—, debe ser corrixida a 1141. O pergamiño conservouse entre a documentación xerada por un preito entre o mosteiro de Santa María de Porqueira e o Marqués de Sarria no século XVI (ARCHVa, Pleitos civiles, Zarandona y Balboa (F), Caja 957.1.).

11 Sobre esta institución, máis alá da súa xa referida colección documental publicada por LUCAS ÁLVAREZ e LUCAS DOMÍNGUEZ (1988), poden consultarse dúas sínteses sobre o seu devir histórico en MOURE PENA (2015: 366-374) e PÉREZ RODRÍGUEZ (2019: II, 1127-1129).

partes deste pergamiño en fondos diferentes, un no Arquivo de San Paio de Antealtares (Pergamiños, Ramirás, Caixa 8, Mazo D, n.º 18) e o outro no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (Colección Blanco Cicerón, Carp. 137, n.º 5), explícase polo devir histórico da comunidade monástica ramirá e a súa documentación. Por unha parte, o pergamiño —posiblemente íntegro— pasaría do arquivo monástico de Ramirás ao de Antealtares con motivo do proceso de Reforma monástica que se realizou a finais da Idade Media e que derivou na integración dos bens de Ramirás no patrimonio de San Paio. Daquela, a documentación xustificativa dos dereitos de propiedade sobre eses bens tamén se trasladaría, xunto coa comunidade de relixiosas, ao cenobio compostelán, onde se rexistra a súa presenza durante a Idade Moderna e onde permanece na actualidade na súa maior parte. De feito, máis alá dos deterioros e perdas, hoxe en día o fondo de pergamiños medievais de San Pedro de Ramirás é o máis extenso dos conservados polas bieitas de Antealtares, seguido do de San Salvador de Sobrado de Trives (Ourense). Mais, como sucede con este último mosteiro¹², xunto ao máis de medio milleiro de pergamiños de Ramirás conservados no ASPA, outros instrumentos desta institución remataron en diferentes arquivos, como o Archivo Histórico Nacional —onde se conservan máis de tres ducias—, o Arquivo Histórico Universitario de Santiago —con case ducia e media de documentos, non todos eles editados na colección diplomática elaborada por Lucas Álvarez e Lucas Domínguez (1988), a pesar de referir a consulta deste fondo—, o Arquivo da Fundación Penzol —con outros catro do século XIII¹³— ou o Arquivo Histórico Provincial de Ourense —con 3 pergamiños de entre 1249 e 1465—. Máis alá do interese de editar os documentos que aínda permanecen inéditos e da reedición da totalidade atendendo a criterios histórico-filolóxicos, grazas ao exame directo destes pergamiños é posible concluír que todos ou, cando menos, boa parte dos conservados no AHN, o AHUS e o AFP estiveron durante os Séculos Modernos no Arquivo de San Paio de Antealtares. Así se deduce do feito de que presentan anotacións desta época que comparten co resto de pergamiños aínda hoxe conservados no ASPA. Parece, pois, que só no período contemporáneo, e con motivo das desamortizacións e da activación dos movementos que puxeron nas mans de diversos eruditos numerosos pergamiños medievais e outros materiais históricos, sería cando documentos coma este de Ramirás pasarían a engrosar coleccións como a de

12 GARCÍA-FERNÁNDEZ 2023 e GARCÍA-FERNÁNDEZ / PICHEL 2023.

13 O máis antigo, correspondente ao ano 1219 (AFP, PLA-04/010), é un pergamiño orixinal que foi editado por LUCAS ÁLVAREZ e LUCAS DOMÍNGUEZ (1988: 188, doc. 9) non a partir deste documento senón dunha copia simple do século XIX. O mesmo sucede con outro de 1238 (AFP, PLA-04/021, ed. LUCAS ÁLVAREZ e LUCAS DOMÍNGUEZ 1988: 202, doc. 24). Porén, os outros dous (AFP, PLA-04/040 e 0044) forman parte dos pergamiños da institución que aínda permanecen inéditos.

Ricardo Blanco Cicerón. Convén ter en conta, ademais, que unha parte deste fondo rematou no Archivo Histórico Universitario de Santiago, mais outra tamén no xa referido Museo do Pobo Galego. En todo caso, non sabemos en que momento exacto o pergamiño de Ramirás se fragmentou en dous, mais si que, tras saír do mosteiro unha parte, quedou pendente a súa edición íntegra que hoxe permite recuperar a práctica totalidade do seu contido. Este responde á doazón que fixo Afonso VII, xunto coa súa irmá dona Sancha e os seus fillos Sancho e Fernando, a favor de Xoán de Tolosa, o seu “militi” e “meo maiorini domus per manum comitis Poncii”, consistente na transmisión do casal de Vilanova, sito en Santa Marta de Ramirás (na actual freguesía de Mosteiro, no concello ourensán de Ramirás). Esta transmisión patrimonial xustifícaa no seu agradecemento polos seus bos servizos. É interesante destacar que, apenas uns meses antes, morrera a raíña dona Berenguela, de aí a súa ausencia documental, aínda que non por iso deixa de ter protagonismo a outra gran figura feminina da corte do Emperador, a infanta dona Sancha, e na data indicase que se trata de “tercio mense post obitum imperatricis”. É un exemplo máis da importancia das mulleres (e da súa memoria) no seo da monarquía, así como das políticas que esta proxecta cara aos seus reinos, institucións e xentes.

En definitiva, neste traballo ofrecemos un pequeno contributo para avanzarmos na recuperación das fontes do reino medieval de Galiza —nas que, por certo, tamén se comproba, e non é cuestión de pouca importancia, a presenza e co-participación das mulleres da familia real—, co obxectivo de reivindicar a importancia do traballo de arquivo e da edición documental.

EDICIÓN DOCUMENTAL

Ofrecemos a continuación a presentación crítica do documento, de acordo cos criterios editoriais fixados pola Rede internacional CHARTA¹⁴ para a edición de documentos antigos hispánicos, adaptados ás particularidades escripto-lingüísticas dos textos latinos e galego-portugueses medievais contempladas no *Escritorio Galego-Portugués Antigo*¹⁵.

14 <https://corpora.uah.es/charta/>. Última consulta: 31/8/2023.

15 Neste repositorio dixital (<https://corpora.uah.es/egpa>; última consulta: 31/08/2023) pódese consultar tanto a transcripción paleográfica como a edición (presentación crítica) dos textos, neste caso os docs. EGPAdoc-0157 (CORREGAM-0016), EGPAdoc-0158 (CORREGAM-0018) e EGPAdoc-0159 (CORREGAM-0017). Indicamos entre parénteses rectas a reconstrución editorial daquelas secuencias deturpadas polo estragamento do soporte.

Doc. 1

1129, xuño, 21

Afonso VII, xunto coa raíña Berenguela, outorga carta de acoutamento a favor da abadesa Visclavara Ordóñez e a comunidade de San Miguel de Eiré.

MPG, Arquivo Ricardo Blanco Cicerón, P5-03, n.º 4¹⁶. Pergamiño. Latín. Bo estado de conservación. Ed. dixital: CORREGAM-0016 (EGPAdoc-0157).

Quoniam ea que a regibus sunt data atque concessa siue cautata ne obliuioni sint tradita litteris sunt annotata. Iccirco ego Adefonsus, Dei gratia Hispanie imperator, una cum coniuge |² mea regina domna Berengaria, facio cartam cautacionis uobis abbatisse Uisclauare Ordóniz et omni uestre congregacioni tam presenti quam future, cauto uobis |³ monasterium Sancti Michaelis de Agerei per suos terminos nominatos, uidelicet per illam aquam de Riazoo et inde per illam fontem de Armentar Minore, de inde per illo Octeiro |⁴ Sancti Martini et inde per fontem de Auolini, quomodo discurrit illa aqua de Aguenza et tirat in Riuo Sicco et inde per stratam de Sagadi et inde per illas Boragas, et per illam aquam de Raniola |⁵ per Lamas de Audi, quomodo ferit in illa aqua de Fontanelo et intrat in Ferreirola et ferit in Riazoo. Sic cauto uobis in remissionem peccatorum meorum et sacco inde omnem regalem calumniam |⁶ quantum ad regale ius pertinet, ut habeatis et possideatis uos et uestri et uestre successores in perpetuum. Si uero aliquis tam de mea parte quam de extranea hoc meum factum frangere |⁷ temptauerit, quisquis fuerit sit excommunicatus et cum Iuda traditore in inferno damnatus, et insuper exsoluat ad partem regis centum libras auri, et quod inuaserit in duplo |⁸ componat supradicto monasterio et uoci sue.

Facta carta era MCLXVII et quot XI kalendas iulii. |⁹ Ego Adefonsus, Hispanie imperator, quod fieri mandauí proprio robore, confirmo (*signo*).

(*col. a*) |¹⁰ Comes Rudericus Vélaz confirmat. |¹¹ Comes Gómez confirmat. |¹² Vermudus Pétriz confirmat. |¹³ Pelagius Eriç, notarius regis, scripsit et confirmauit.

(*col. b*) |¹⁰ Petrus, Lucensis episcopus, confirmat. |¹¹ Petrus, Ouetensis episcopus, confirmat. |¹² Rudericus Uermúdiz, maiordomus regis, confirmat. |¹³ Petrus Estéfaniz, cancellarius regis, confirmat.

(*col. c*) |¹⁰ Menendus Núniz confirmat. |¹¹ Sancius Núniz confirmat. |¹² Rudericus Suáriz confirmat. |¹³ Fernandus Petriç confirmat.

(*col. d*) Muninus testis. Martinus testis. Pelagius testis.

¹⁶ Dispoñible a súa consulta en liña en: <https://arquivomuseodopobo.oaistore.es/opac/ficha.php?informatico=00003160PI&codopac=OPEXT&idpag=1004738490&presenta=mercurio>. Última consulta: 31/8/2023.



Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela), Arquivo Ricardo Blanco Cicerón, P5-03, n.º 4

Doc. 2

1141, agosto

Afonso VII entrega e acouta a vila de Castelaus a favor de Ordoño, prior de San Vitor, e dos seus cóengos.

ARCHVa, Pergaminos, carp. 208, n.º 5. Pergamiño. Latín. Bo estado de conservación. Ed. LEZA TELLO e PÉREZ FORMOSO 2013: 194-195, n.º 5¹⁷. Ed. dixital: CORREGAM-0018 (EGPAdoc-0159).

In Dei nomine [amen]. Ego Adefonsus, Dei gratia Hispanie imperator, pro remedio anime mee et parentum |² meorum, fatio cartam commutationis tibi Ordonio, priori Sancti Victoris, et canonicis ibidem Deo regulariter |³ seruientibus tam presentibus quam futuris, commuto ecclesiam predictam et do uobis villam que dicitur Castellanos, que est super |⁴ Porquera et iacet inter Salar et Limiam, cum toto quod ad illam pertinet. Et do uobis terminum usque ad riuum de Lubanes et |⁵ per castrum de Porquera et per riuum Sancti Georgii, quomodo

17 Diverxencias con respecto á edición de LEZA TELLO e PÉREZ FORMOSO (2013): l. 1 Hispanie] Hispaniae | ls. 3, 5 e 7 commuto] convento | ls. 4 e 5 Porquera (ms. porkera)] Porchera | l. 6 et deinde per Lobanes] secuencia omitida nesta edición | l. 7 nos] hos | l. 9 regi terre] regie tres; Leburero] Lebureiro | l. 10 VIII^a] VIII^a; roborau] roboravii | l. 11 (col. a) in archiepiscopum] archiepiscopus | l. 14 Andreas] Adreas.


per Ferreiros currit et per medium sotum. Et commuto deuesa de Marco cum |⁶ suis terminis, quomodo diuidit per terminis de Sarois et deinde per Lobanes, deinde con Castellanos, deinde per Veigas de Omicidio, |⁷ deinde cum Fonte Arcada, nos terminos et cautos supradictos. Et concedo uobis et commuto et ecclesie uestre ut habeatis iure |⁸ hereditario in perpetuum. Quicumque hoc meum donum fregerit, sit maledictus et cum Iuda proditore in inferno |⁹ dampnatus, et uobis quod inuaserit duplet et regi terre mille solidos persoluat.

Facta carta in Leburero in mense |¹⁰ augusto, era MCLXXVIII^a. Ego Adefonsus imperator hanc cartam propria manu roborauit (*signo*: Signum imperatoris).

(*col. a*) |¹¹ Berengarius, in archiepiscopum Sancti Iacobi electus, confirmat. |¹² Martinus, Auriensis episcopus, confirmat. |¹³ Petrus, abbas Cellenoue, confirmat.

(*col. b*) |¹¹ Comes Fernandus confirmat. |¹² Diec Muniz, maiordomus, confirmat. |¹³ Fernadus Iohannis, tenens Limiam, confirmat.

(*col. c*) |¹⁴ Andreas Pistoris scripsit iussu magistri Hugonis.



Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Pergaminos, carp. 208, n.º 5

Doc. 3

1149, abril, 14

Afonso VII doa a Xoán de Tolosa, “militi meo” e “meo maiorini domus”, o casal de Vilanova, situado en “Sancta Martha de Remiranos”, como agradecemento polos servizos prestados.

AHUS, Colección Blanco Cicerón, carp. 137, n.º 5 / ASPA, Pergamiños, Ramirás, caixa 8, mazo D, n.º 18. Pergamiño. Latín. Regular estado de conservación. Ed. parcial: RECUERO ASTRAY, GONZÁLEZ VÁZQUEZ e ROMERO PORTILLA 1988: 127, doc. 122¹⁸ (fragmento AHUS). Ed. dixital: CORREGAM-0017 (EGPAdoc-0158).

Rex. LUCAS ÁLVAREZ e LUCAS DOMÍNGUEZ 1988: 183, doc. 4.

In nomine Domini amen. Sit presentibus et futuris hominibus manifestum quia ego Adefonsus, imperator Hispanie, una cum germana mea Sancia, infanta, et filiis meis Sancio et Fernando, uobis militi meo |² Johanni de Tolosa, et meo maiori domus per manum comitis Poncii, propter seruicium bonum et gratum quod fecisti[s] mihi multotiens et facitis cotidie, illum casale de Uilla Noua qui est in Sancta Martha de Remira |³nos, cum omni hereditate que ad ipsum casalem infra uilla et extra pertinet iure hereditario, dono et semper habendum [uos] et filiis uestris et omni uestre generationi concedo. Dono inquam uobis predictum casalem cum illis |⁴ omnibus pertinentiis quas iure regio habet in terris, in exitibus et egressibus, in montibus, in pratis et pascuis, in aquis et arboribus, et in omnibus a[ll]iis rebus suis infra uillam siue extra existentibus; possidebitis uos et omnis uestra |⁵ posteritas que uos debeat heredare ipsum casalem cum omni sua hereditate amodo in perpetuum libere et quiete, sine omni grauamine, et facia[nt] inde quicquid uolueritis absque mea et omnium meorum heredum prohibitione. Si quis |⁶ uero in posterum de meo uel alieno genere huic meo facto contrarius uenerit et illud diruperit, sit maledictus a Deo et in in infern[o cum Iuda] proditore dampnatus nisi digne emendauerit, et persoluat regie parti mille |⁷ morabotinos et hereditatem eius domno duplatam restituat.

|⁸ Facta carta Cemore XVIIIº kalendas maii, era I CLXXXVII, tercio mense post obitum imperatricis. Prenominato imperatore imperan[te in] Toletu,

18 Diverxencias con respecto á edición de RECUERO ASTRAY, GONZÁLEZ VÁZQUEZ e ROMERO PORTILLA (1988): l. 1 germana] Germania (nesta liña non se indica que falta un fragmento do pergamiño e únese co inicio da liña seguinte sen solución de continuidade) | l. 2 maiori domus] maiorino domno; propter] perpetim; seruicium] seruicii fecisti[s] fecit; mihi multotiens et] non se ofrece lectura desta secuencia | l. 3 e 5 cum omni] cuius omnis | l. 4 pertinentiis] pertintus; terris] (...) | l. 5 posteritas] posterras; ipsum casalem] ipsis casales; perpetuum] perpetuis; quiete, sine omni grauamine, et facia[nt]] non se ofrece lectura desta secuencia | l. 6 posterum] posterii | l. 7 morabotinos] morabetinos; eius] eis; hereditatem] hereditate; duplatam] duplata | l. 8 tercio] (...); Prenominato] (...) | l. 9 cartam] carta.

Legione, Saragocia, Nagera, Castella, Galecia, Baecia, Almaria. |⁹ Ego Adelfonsus imperator hanc cartam quam iussi fieri confirmo et manu mea roboro (*signo*).

(*col. a*) |¹⁰ Sancia infanta, soror imperatoris, confirmat. |¹¹ Sancius et Fernandus, filii imperatoris, confirmat. |¹² Bernardus, Cemorensis episcopus, confirmat. |¹³ Berengarius, Salamantinus, episcopus, confirmat. |¹⁴ Martinus, Auriensis episcopus, confirmat.

(*col. b*) |¹⁰ Comes Poncius, maiordomus imperatoris, confirmat. |¹¹ Comes Fernandus de Galecia confirmat. |¹² Comes Osorius confirmat. |¹³ Fernandus Iohannis de Galecia confirmat. |¹⁴ Pelagius Curuus confirmat. |¹⁵ Arias Caluus, dominus Limie, confirmat.

(*col. c*) |¹⁰ [Munius] Pédrez, alfériz imperatoris, confirmat. |¹¹ [Poncius] de Minerua confirmat. |¹² [Gu]ter Fernández confirmat.

(*col. d*) |¹⁰ Lop Lópiz de Carrione confirmat. |¹¹ Didacus Munioz, maiorinus Carrionis, confirmat. |¹² Velo Gutiérrez confirmat.

(*col. e*) |¹³ Giralduus scripsit scriptor impertoris per manum magistri Hugonis, cancellarii.



Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Colección Blanco Cicerón, carp. 137, n.º 5 (fragmento da esquerda) / Arquivo de San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela), Pergamiños, Ramirás, caixa 8, mazo D, n.º 18 (fragmento da dereita)

BIBLIOGRAFÍA

- BOULLÓN, Ana (2017): “A edición de textos en Galicia (da Idade Media aos Séculos Escuros”, *LaborHistórico*, 3/1, pp. 76-92.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel-Rubén (1963-1967): “Catálogo de documentos reales de la Alta Edad Media referentes a Galicia (714-1109)”, *Compostellanum* 8/2 (1963), pp. 85-159; 8/4 (1963), pp. 213-274; 9/4 (1964), pp. 277-315; 10/2 (1965), pp. 87-156; 11/2 (1966), pp. 49-132; 12/1 (1967), pp. 255-268 e 581-636.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2023): “La documentación medieval de San Salvador de Sobrado de Trives: estado de la cuestión y propuestas de futuro”, en Rubén Filipe Teixeira da Conceição *et al.* (eds.), *E faziam fundamentos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 29-54.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel, PELAZ FLORES, Diana e Ricardo PICHEL (2020): “Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 23, pp. 139-180.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel e Ricardo PICHEL (2023): “A documentación de San Salvador de Sobrado de Trives máis alá do ASPA: achega para unha nova edición da súa colección documental”, en Miguel García-Fernández e Ricardo Pichel (eds.), *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica. Estudos dedicados a sor Mercedes, arquivista de San Paio, e á Comunidade de Antealtares*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, Alvarellos Editora, pp. 89-121.
- HERRERO JIMÉNEZ, Mauricio (2004): “Documentos de la colección de Pergaminos del Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (934-1300)”, en *El Reino de León en la Edad Media. IX*. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”, pp. 9-240.
- LEZO TELLO, Pruedencio e Pilar PÉREZ FORMOSO (2013): “Apuntas para la historia del monasterio de Santa María La Real de Porqueira”, *Diversarum rerum*, 8, pp. 159-213.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel e Pedro Pablo LUCAS DOMÍNGUEZ (1988), *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Burgos, Caixa Galicia.
- MOURE PENA, Teresa Claudina (2015): *Los monasterios benedictinos femeninos en Galicia en la Baja edad Media: arquitectura y escultura monumental*. Tese de doutoramento inédita. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2010): “Historia medieval de Galicia: un balance historiográfico (1988-2008)”, *Minius*, 18, pp. 59-146.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2016): “Monjes, poder y política en la Edad Media (siglos XII-XV)”, en José Miguel Andrade Cernadas (coord.), *El protagonismo monástico a través de la Historia*. Vol. I. A Coruña: Hércules de Hediciones pp. 197-239.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2019): *Los monasterios del Reino de Galicia entre 1075 y 1540: De la reforma gregoriana a la observante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols.
- RECUERO ASTRAY, Manuel, GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta e Paz ROMERO PORTILLA (1998): *Documento medievales del reino de Galicia. I. Alfonso VII (1116-1157)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.